



Anuncio

Dentro do período de exposición ó público do acordo provisional da aprobación da correspondente modificación da Ordenanza sobre venda ambulante do concello de Ribadavia, non se presentaron reclamacións nin alegacións ningunha.

Por iso, queda aprobado definitivamente o acordo provisional adoptado polo Pleno deste concello na súa sesión de data 22 de decembro pasado.

Contra o presente acordo definitivo, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación destes acordos e das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

Ordenanza sobre a venda ambulante do Concello de Ribadavia

Artigo 1.- A presente ordenanza ten por obxecto dispoñer-lo comercio ambulante en mercados en todo o termo municipal de Ribadavia para regula-la venda non sedentaria do antedito comercio ambulante nos mercados que se celebren os días 10 e 25 de cada mes, na vila / de seren festivos, no seguinte día hábil) realizado mediante postos e instalacións desmontables ou mesmo en vehículos destinados á venda, debidamente autorizados e organizados.

O concello, por causa do interese xeral, poderá dispoñer-lo traslado dos actuais postos de venda a outros lugares, así como a redución ou supresión deles, sen que isto dea lugar a indemnización ningunha (a redución levarase a cabo comezando polos últimos en teren obtida a licencia ou autorización municipal).

Artigo 2.- As autorizacións dos postos de venda outorgaranse trala solicitude previa do interesado, na que se fará constar:

A) Nome e apelidos do petionario, que de ser entidade xurídica achegará fotocopia da constitución e asemade fotocopia de poder notarial do representante legal.

B) Número do DNI.

C) Artigo ou artigos que pretende vender.

D) Número de metros que precisa ocupar.

Artigo 3.- Xunto coa solicitude referida no artigo anterior o petionario achegará tamén os seguintes documentos:

1.- Cando o petionario sexa autónomo: a) alto no Rexistro de comerciantes Ambulantes de Galicia; b) título acreditativo de alta no epígrafe correspondente do IAE; c) alta e último recibo de aboamento das cotizacións á Seguridade Social; d) fotocopia do DNI; e) dúas fotografías, tamaño carné; f) carné de manipulador de alimentos, de se-lo caso; g) estar en posesión do correspondente permiso de residencia e traballo por conta propia no caso de non gozar da nacionalidade española sen prexuízo do que dispoñan a este respecto as correspondentes leis sobre o particular.

2.- Cando o petionario sexa entidade xurídica: a) alta no Rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia; b) título acre-



ditativo da alta no epígrafe correspondente do IAE; c) alta e último recibo de aboamento das cotizacións á Seguridade Social da empresa; d) alta dos traballadores no réxime correspondente da Seguridade Social; e) fotocopia do DNI do traballador que estará á fronte do posto de venda; f) dúas fotografías tamaño carné, do traballador que estará a fronte do posto de venda; g) estar en posesión do oportuno permiso de residencia e traballo, no caso de non gozar da nacionalidade española, sen prexuízo do que dispoñan as leis a este respecto.

3.- Cando o peticionario sexa agricultor: a) último recibo do Imposto de bens inmoables de natureza rústica; b) declaración xurada ou promesa de que os artigos para a venda son de produción propia; c) relación das súas explotacións agrícolas e dos produtos cultivados nelas; d) alta e último recibo de aboamento das cotizacións da Seguridade Social no réxime especial agrario.

Artigo 4.- O Alcalde, examinada a documentación achegada resolverá a petición autorizando ou denegando esta.

No suposto de denegación a resolución será motivada.

Artigo 5.- Para tódolos vendedores autorizados entregárlle-lo cartel identificativo no que constará, xunto á fotografía do titular ou traballador, os seguintes datos:

A) Nome e apelidos e, de se-lo caso, entidade xurídica.

B) Número de rexistro de comerciante.

C) Período de validez do permiso de venda.

D) Artigo ou artigos autorizados, especificando no seu caso se se trata de colleita propia.

E) Número de posto asignado e metros que ocupa.

Este cartel deberá expoñerse de forma inexcusable en lugar visible para o público e contará coas condicións precisas que impidan o seu deterioro.

Artigo 6.- As autorizacións serán renovadas automaticamente cada ano trala presentación previa dos xustificantes que acrediten que se está o corrente nas obrigas coa Facenda Pública e Seguridade Social e co prezo público de que se trata por instalación na feira.

Artigo 7.- Fica prohibida a venda en réxime non sedentario de todos aqueles artigos alimenticios que, a xuízo da autoridade sanitaria, comporten un risco para a saúde.

Artigo 8.- Ó exercicio da venda aplicarase, por metro e día, a cantidade estipulada na ordenanza do prezo público, número 14, polo aproveitamento especial do dominio público local.

O cobro da correspondente tarifa será trimestral e o seu aboamento levarase a cabo nas oficinas do Concello de Ribadavia dentro dos primeiros quince días do mes do inicio do trimestre, con independencia de que se ocupe ou non o posto de venda; sen este requisito non poderá mante-lo posto.

Excepto na venda ambulante, dos núcleos rurais, que será a principios do ano e dunha sóa vez. En casos excepcionais poderase fraccionar en dous pagamentos por causas debidamente xustificadas. No caso de que algún comerciante se dea de alta durante o transcurso do ano, aplicaráselle proporcionalmente a correspondente taxa.

Aqueles comerciantes que teñan algún posto na Plaza de Abastos quedarán exentos desta taxa”.

Artigo 9.- A hora límite de acceso ó recinto feiral por parte dos vendedores para a ocupación do espacio asignado será as nove da mañá; caso de presentarse con posterioridade non se lle permitirá a instalación, sen que isto dea dereito o reembolso da taxa aplicada.

A venda rematará ás tres da tarde, debendo deixa-lo espacio libre ás cinco da tarde.

Artigo 10.- Os vendedores deberán estar en posesión de facturas ou albarás que acrediten a procedencia de mercadorías e

presentalos a requirimento da autoridade competente. A ausencia desta documentación ou ben a negativa a presentala poderá dar lugar a cualificación de “mercadoría non identificada” procedéndose a súa retención ata que se produza a identificación da súa procedencia, concedéndose para tal efecto, un prazo máximo de quince días, agás cando se tratase de artigos perecedeiros, no que se reducirá este prazo de xeito adecuado para evita-lo deterioro. Rematado este prazo e previo informe proposto do correspondente facultativo darase á mercadoría o destino que se estime conveniente.

Artigo 11.- A autorización municipal para a venda no recinto feiral é intransferible. Tan só poderá exercer-la actividade o titular, o seu cónxuxe ou fillos empregados, acreditados e autorizados co oportuno carné, que se expedirá para o efecto, e que deberá ser exhibido a requirimento dos axentes da autoridade, podendo ser retirado e anulado se se atopase en poder de calquera outro persoa que non fose a autorizada.

Artigo 12.- Os vendedores cumprirán rigorosamente as seguintes obrigas:

Mante-la orde e limpeza do espacio adxudicado, absténdose de botar lixo e desperdicios fóra dos lugares expresamente sinalados para o efecto, onde existirán colectores para a recolleita deles.

Ocupa-lo espacio asignado sen exceder dos seus límites.

Cando a venda non se efectúe por unidades deberán empregarse instrumentos para o peso debidamente contrastados e colocados de tal xeito que a operación da pesada sexa visible.

Artigo 13.- O incumprimento das normas que se sinalan de seguido dará orixe á instrucción do correspondente procedemento sancionador; a este respecto clasifícanse as faltas en leves, graves e moi graves.

Son leves:

A) A falta de ornato e limpeza no posto de venda e no seu entorno.

B) Atoparse en posesión da autorización municipal e non amosala.

C) Emprego de altofalantes, salvo autorización especial, que contemplará que a dirección dos anteditos aparellos sexa sempre cara ó exterior dos postos de venda e mesmo do seu volume non poderá afectar en ningún caso ós postos de venda máis próximos.

Son graves:

A) A reiteración por dúas veces de faltas leves.

B) A venda de produtos distintos ós autorizados.

C) A instalación de postos en lugar non autorizado.

D) A falta de balanza ou mesmo de contraste nos instrumentos de pesar ou medir.

E) A falta de enxurullo nos artigos vendidos ou ben que se leve a cabo con papel usado antirreglamentario.

F) Non acredita-la procedencia da mercadoría.

G) Negativa á venda dos produtos expostos ó público.

H) Falta de aseo, hixiene e limpeza de vendedores, postos e aparellos.

I) Colocación de envases en calquera clase de fardos ou saíntes fóra do perímetro do posto de venda.

Son moi graves:

A) A reiteración por dúas veces de faltas graves.

B) A desobediencia reiterada ós inspectores e autoridades do concello.

C) O desacato ou desconsideración grave dos vendedores ós axentes da autoridade.

D) A venda de artigos en deficientes condicións.

E) A instalación de postos sen autorización.

F) A venda de produtos alimenticios non autorizados.



Artigo 14.- As sancións de aplicacións a estas faltas son as que se sinalan de seguido, previa instrucción do correspondente expediente:

A) Faltas leves, multa de 2.000 a 5.000 pesetas.

B) Faltas graves, multa de 5.001 a 25.000 pesetas e mesmo a prohibición de exercer-la actividade durante dúas feiras.

C) Faltas moi graves, multas de 25.001 a 100.000 pesetas e mesmo a revogación da autorización, podendo chegar a comisarse mercadorías no caso de xéneros en mal estado, venda de produtos alimenticios non autorizados ou de instalación sen autorización.

Cando a autorización sexa revogada como consecuencia dunha infracción moi grave o seu titular non poderá obter autorización ningunha para o exercicio da actividade para a que tivese tal autorización nun prazo de dous anos.

Artito 15.- Para os efectos do réxime de infraccións e sancións haberá que averse ó disposto no título VI, capítulo II da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia; ó establecido no capítulo IX da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor, en relación coa disposición última primeira da Lei 12/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuario; e ó previsto na normativa específica de réxime local, todo isto segundo o interese lexítimo tutelado que en cada caso resulte preferente.

Artigo 16.- A presente ordenanza seralles de aplicación subsidiariamente a falta de normativa expresa debidamente aprobada pola corporación, ás seguintes formalidades de venda:

A) Os mercados e outras manifestacións de venda ou postos non fixos que se realizen con ocasión de festas locais ou acontecementos populares de carácter anual.

B) A venda con ocasión de acontecementos deportivos, musicais ou semellantes de produtos directamente relacionados co acontecemento do que se trata e que se desenvolvan exclusivamente durante o transcurso destes.

C) A venda realizada por organismos ou entidades legalmente recoñecidas que non teñan ánimo de lucro e con obxectivos políticos, sindicais, relixiosos ou cívicos encamiñados á consecución das súas finalidades específicas.

D) As realizadas en exposicións ou promocións de actividades culturais, tales como feiras do libro ou análogas, salvo as vendas feitas dentro de locais ou recintos ocupados por un certame feiral.

E) A venda ambulante realizada mediante camións ou vehículos-tenda, estando permitida a súa realización nos termos establecidos na presente ordenanza e na Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, nos distintos núcleos de poboación deste municipio, excepto no da súa capitalidade, Ribadavia.

F) As ofertas realizadas a través de publicidade reiterada mediante folletos, revistas ou calquera outro soporte publicitario.

Artigo 17.- Para desenvolver legalmente a venda ambulante no Concello de Ribadavia, requírese autorización expresa na forma de licenza municipal.

No caso de que se exerza a venda ambulante sen licenza, procederase a retirada do posto de venda ambulante ilegal e dos seus produtos (elementos, xéneros e instalacións de se-lo caso), sen prexuízo da sanción pecuniaria que proceda.

A retirada, custodia e demais deben estar regulados na ordenanza fiscal repectiva.

Os elementos retirados da vía pública e espacios abertos, entregaranse a persoa interesada, despois da comprobación do pagamento das taxas de retirada e custodia, reguladas na ordenanza fiscal repectiva.

Queda facultada a Policía Local para face-lo levantamento de mercadoría no caso de que o interesado non se atope co permiso correspondente.

Artigo 18.- En todo o non previsto na presente ordenanza, estarase ó establecido na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenamento do comercio interior de Galicia, e do Real decreto 1010/1985, do 5 de xuño, das actividades de venda ambulante en todo o territorio municipal a través da presente ordenanza. Así mesmo será de aplicación supletoria o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, da Consellería de Industria e Comercio, de ordenación de venda ambulante.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada polo concello, cando se publique integramente o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei de bases de réxime local, a partir da dita publicación.

Ribadavia, 5 de marzo de 2004. O alcalde.